



Actividades escolares  
Afundación  
curso 2015/16

[afundacion.org](http://afundacion.org)


//Afundación  
Obra Social ABANCA



# Ola! Son Pintafontes

A partir de agora vou estar convosco nas actividades da área educativa de Afundación. Xunt@s descubriremos todas as cousas que se poden facer desde a creatividade, o compromiso e o respecto pola natureza e a motivación por aprender.

Xogaremos a ser artistas, científic@s, cociñeir@s... E tamén enredaremos coas artes plásticas e escénicas, coa lectura, as manualidades ou o deporte, e sen deixar de atender a natureza!



## Pintafontes no teu centro

Pintafontes quere visitarvos por todos os centros de Galicia. Por iso vos propoñemos que convertades a Pintafontes na protagonista dun proxecto na vosa aula sobre ecoloxía. Deberedes crear unha campaña que active o compromiso co medio ambiente na comunidade escolar. Accións, deseños, un lema.....

A imaxinación ao poder!

Premio? Claro! O centro gañador recibirá a visita de Pablo Díaz e o seu grupo nun concerto exclusivo. Poderedes coñecer as cancións do seu último disco e, como non, o tema que fixo como homenaxe a Pintafontes.

Tendes ata o 31 de xaneiro de 2016 para enviardes as vosas propostas.

As bases polo miúdo na web [afundacion.org](http://afundacion.org)

# Artes Escénicas

Teatro

Música

Audiovisual



## *Aurora* Teatro

Elefante elegante Teatro  
Galego / 60 min

Educación infantil (3-6 anos)

*Aurora* é a historia dunha curuxa á que lle gusta máis a noite que o día. Cando escurece voa feliz, axita as ás e asubía coma o vento. Mais ao amencer, énchese de tristura. O sol queima a súa plumaxe e cega os seus ollos. O Aviaador vai tentalo todo para axudala, mais... será posible vivir nun mundo sen sol?

## *Mamá Cabra - 15 primaveras* Música / teatro

Mamá Cabra  
Galego / 60 min

Educación infantil (3-6 anos)

Nestas 15 primaveras de existencia, Mamá Cabra consolidouse xa coma unha das bandas de música infantil de referencia. Agora, no seu 15 aniversario, chega para facer un percorrido pola historia do grupo e das súas mellores cancións, nun formato de concerto-teatro no que unha nova Mamá Cabra chega disposta a seguir enchendo de ilusión e ritmo os corpos da xente miúda.



## *Tristán cara de can*

Teatro / monicreques

Elefante elegante Teatro  
Galego / 50 min

Educación infantil (3-6 anos)

Tristán, de tan triste que estaba, decidiu arrincar o seu corazón para nunca máis sufrir. Pero Tristán non deixou de facelo, e o que foi peor, nunca máis un sorriso botou. A partir de entón pasaron a chamarlle «Tristán cara de can». Mais, dentro dunha misteriosa caixa, aparece unha boneca que vai tentar de todo para facelo rir. Será ela quen?

## *Lío en la granja*

Teatro / monicreques

La Baldufa Companyia de Comediants  
Castelán / 60 min

1º e 2º de primaria

Nunha granxa na que conviven diferentes animais, desaparece un ovo. A partir de aí xorden desconfianzas e comeza unha gran lea entre todos os habitantes. As sospeitas diríxense cara ao corvo, acabado de chegar á granxa. Trátase dunha sátira en forma de fábula que nos achega os conflitos actuais da sociedade contados dunha maneira sinxela, reflexiva e con humor.

## *Rodarirrodari*

Música / teatro

Fantoches Baj  
Galego / 60 min

1º e 2º de primaria

*Rodarirrodari (Contos do tranvía)* é un espectáculo de narración oral, monicreques e acompañamento musical en directo no que, por medio dos contos tradicionais de Gianni Rodari e co tranvía de Marín como medio de transporte do espectáculo, partiremos da domesticación dun animal como é o burro para chegarmos ao uso e abuso das novas tecnoloxías.

## *Nana para un soldado*

Teatro

Teatro dos Ghazafellos  
Galego / 60 min

3º e 4º de primaria

"A guerra non é un lugar. A guerra non chega ou se vai, está aí... habita nos corazóns atrincheirados e nas mentes con metralla..." Esta é a historia dun momento na guerra presentado dun xeito cómico e poético, amosando o máis duro da guerra, mais tamén o máis fermoso das persoas.



## Cousas de 4

### Música

Odaiko Percussion Group  
Galego / 60 min

3º e 4º de primaria

Instrumentos do mundo da percusión contemporánea, elementos de nova creación, comicidade nas olladas e moita improvisación e efecto sorpresa son a base deste espectáculo.

Catro van ser os elementos que definan este show que busca que o enxeño se retroalimente e evolucione, e que o camiño da creación continúe despertando.

## Alice

### Teatro

Blue Mango Theatre  
Inglés / 60 min

4º, 5º e 6º de primaria

Cando Alice queda durmida intérnase nun mundo máxico no que vai atopando diferentes e extravagantes personaxes... Ao longo da súa viaxe polo país maravilloso aprende moitas cousas sobre as tradicións do mundo anglosaxón: Halloween, San Valentín, o Nadal, San Patricio... Mais, chegará Alicia a tempo para o té? Só se o público a axuda.

## Estamos no verán

### Música

Son+D2  
Galego / 60 min

5º e 6º de primaria

Esta é a historia duns amigos que, no verán, queren formar un grupo de música. Un espectáculo para que nenos e nenos canten, bailen e improvisen ao ritmo de diferentes estilos (rock, pop, jazz, blues, bossa nova...). Música en directo, danza e elementos teatrais ou de *clown* mestúranse para facilitaren unha aprendizaxe da cultura musical e a linguaxe creativa.

## Cinema submarino

### Cinema documental

Colabora a Universidade de Vigo  
Galego / 60 min

5º, 6º de primaria, 1º e 2º de ESO

*El legado de las Rías gallegas* é un documental que busca comprometémonos na conservación das nosas rías. A través del somerxémonos nunha riqueza natural única e sorprendémonos coas estratexias das especies para sobreviviren.

Produción: Frinsa e J.J. Candán; Dirección, realización e guión: J.J. Candán; Imaxe: J.J. Candán e J. Cuetos; Música: David Morales.



## AXENDA TEATRO



### Vigo

Teatro Afundación

#### *NANA PARA UN SOLDADO*

Do 9 ao 13 de novembro de 2015

#### *CINEMA SUBMARINO*

25 e 26 de novembro de 2015 (Primaria)  
27 de novembro de 2015 (ESO)

#### *LÍO EN LA GRANJA*

Do 30 de novembro ao 4 de decembro de 2015

#### *ALICE*

Do 11 ao 14 de xaneiro de 2016

#### *COUSAS DE 4*

Do 25 ao 28 de xaneiro de 2016

#### *AURORA*

Do 22 ao 26 de febreiro de 2016

#### *RODARIRRODARI*

Do 7 ao 10 de marzo de 2016

#### *ESTAMOS NO VERÁN*

Do 5 ao 8 de abril de 2016

#### *MAMÁ CABRA*

Do 26 de abril ao 9 de maio de 2016

\* Auditorio Teatro Afundación, agás o Cinema submarino que será no Teatro Afundación.

### Pontevedra

Auditorio Sede Afundación

#### *NANA PARA UN SOLDADO*

Do 16 ao 18 de novembro de 2015

#### *LÍO EN LA GRANJA*

Do 9 ao 11 de decembro de 2015

#### *ALICE*

Do 20 ao 22 de xaneiro de 2016

#### *COUSAS DE 4*

Do 1 ao 3 de febreiro de 2016

#### *AURORA*

Do 17 ao 19 de febreiro de 2016

#### *RODARIRRODARI*

Do 2 ao 4 de marzo de 2016

#### *ESTAMOS NO VERÁN*

Do 31 de marzo ao 1 de abril de 2016

#### *MAMÁ CABRA*

Do 18 ao 21 de abril de 2016

### Lugo

Auditorio Municipal Gustavo Freire

#### *ALICE*

26 de xaneiro de 2016

#### *AURORA*

3 de febreiro de 2016

#### *COUSAS DE 4*

16 de febreiro de 2016

#### *RODARIRRODARI*

1 de marzo de 2016

#### *ESTAMOS NO VERÁN*

12 de abril de 2016

### Ourense

Auditorio Municipal

#### *NANA PARA UN SOLDADO*

4 e 5 de novembro de 2015

#### *LÍO EN LA GRANJA*

14 e 15 de decembro de 2015

#### *ALICE*

18 e 19 de xaneiro de 2016

#### *COUSAS DE 4*

11 e 12 de febreiro de 2016

#### *AURORA*

15 e 16 de febreiro de 2016

#### *RODARIRRODARI*

29 de febreiro de 2016

#### *ESTAMOS NO VERÁN*

4 de abril de 2016

#### *MAMÁ CABRA*

Do 18 ao 20 de maio de 2016

### Santiago

Auditorio ABANCA

#### *ALICE*

25 de xaneiro de 2016

#### *COUSAS DE 4*

15 de febreiro de 2016

#### *AURORA*

29 de febreiro e 1 de marzo de 2016

#### *RODARIRRODARI*

15 de marzo de 2016

#### *ESTAMOS NO VERÁN*

30 de marzo de 2016

### A Coruña

Auditorio Sede Afundación

#### *ALICE*

27 de xaneiro de 2016

#### *TRISTÁN CARA DE CAN*

2 de febreiro de 2016

#### *COUSAS DE 4*

17 de febreiro de 2016

#### *RODARIRRODARI*

14 de marzo de 2016

#### *ESTAMOS NO VERÁN*

13 de abril de 2016

### Ferrol

Auditorio Sede Afundación

#### *ALICE*

15 de xaneiro de 2016

#### *TRISTÁN CARA DE CAN*

1 de febreiro de 2016

#### *COUSAS DE 4*

18 de febreiro de 2016

#### *RODARIRRODARI*

11 de marzo de 2016

#### *ESTAMOS NO VERÁN*

11 de abril de 2016

\* Funcións ás 10.00 e 12.00 h. en todas as localidades.

# Exposicións temporais



## *Tradición, cambio e innovación*

Vigo

Xullo a decembro  
Sede Afundación  
Policarpo Sanz, 26  
986 129 032

A colección ABANCA reúne algunhas e algúns artistas que definiron a arte do século XX, tanto fóra coma dentro de Galicia. Presentamos este programa didáctico no que Braque, Dalí, Blanchard ou Oteiza conviven con Díaz Pardo, Lugrís, Souto e Castelao.

*Historias dun pincel que non sabía pintar.* Infantil a 3º de primaria  
*Detectives para unha colección de arte.* 4º de primaria a 2º de ESO  
*Tradición, cambio e innovación.* 3º e 4º de ESO, bacharelato e CF

## *Heroes Animados*

A Coruña

Xullo a decembro  
Sede Afundación  
Cantón Grande, 8  
981 185 060

Desde o MOMA de Nova York pasando pola Cinémathèque de París, algúns dos Heroes animados de Grangel Studio chegan a Afundación. Unha mostra onde pode verse o proceso creativo de proxectos coma *A noiva cadáver*, *Kun-fu Panda*, *Spirit* ou *O Espantatiburóns*.

*Eu tamén son súper heroe.* Infantil a 3º de primaria  
*Stop motion para escolares.* 4º de primaria a 2º de ESO  
*Heroes animados.* 3º e 4º de ESO, bacharelato e CF





## Memorias vividas, memorias pintadas

Santiago de Compostela

*A fronteira infinda. Colección ABANCA*

Outubro a xaneiro

Centro Social ABANCA

Praza de Cervantes, s/n

981 552 577

*Memoria gráfica da emigración*

Outubro a xaneiro

Sede Afundación

Rúa do Vilar, 19

981 552 577

### A FRONTEIRA INFINDA

A mostra achéganos a arte realizada por creadores galegos desde a emigración ao longo do século XX. Poderemos coñecer o mundo creativo de Seoane, Granell ou Maside con estas visitas-obradoiro adaptadas a cada ciclo..

*Un compás, un sextante e un mapa.* Infantil a 3º de primaria

*O meu mundo en tres maletas.* 4º de primaria ata 2º de ESO

*A fronteira infinda. Os artistas galegos e a emigración.* 3º e 4º de ESO, bacharelato e CF

### MEMORIA GRÁFICA DA EMIGRACIÓN

Esta mostra fotográfica vén complementar a proposta temática de *A fronteira infinda*. Para isto propoñemos fichas e xogos didácticos como achega ao mundo da emigración.

*Eu teño familia que vive no estranxeiro.* Infantil a 3º de primaria

*Viaxe ao centro da emigración.* 4º de primaria a 2º de ESO

*Memoria gráfica da emigración.* 3º e 4º de ESO, bacharelato e CF

## Isidoro Brocos na Colección ABANCA

Ferrol

Setembro a xaneiro

Sede Afundación

Praza da Constitución, s/n

981 330 280

Isidoro Brocos é un dos grandes mestres da arte galega. Con este programa de visitas e obradoiros afondaremos na súa cuidada técnica e nas escenas costumistas, que nos abren a porta á sociedade de finais do século XIX.

*Heroes mitolóxicos de papel e lapis.* Infantil a 3º de primaria

*A miña vida nun caderno de debuxo.* 4º de primaria a 2º de ESO

*Brocos, mestre do trazo.* 3º e 4º de ESO, bacharelato e CF

## Antonio Murado na colección ABANCA

Lugo

Outubro a xaneiro

Sede Afundación

Praza Maior, 16

982 289 096

O lucense Antonio Murado, un dos grandes expoñentes da arte contemporánea galega, regresa á súa terra a carón destes obradoiros dirixidos á comunidade escolar.

*Cóntame un conto.* Infantil a 3º de primaria

*100 % creatividade.* 4º de primaria a 2º ESO

*Un lucense en Nova York, Antonio Murado.* 3º e 4º de ESO, bacharelato e CF



## O Café Moderno e Álvaro Siza

Pontevedra

Setembro de 2015 a xuño de 2016  
Café Moderno Afundación  
Praza de San Xosé, 3  
986 333 210

Pescudar na historia e coñecer os misterios serán algúns dos obxectivos deste programa de visitas e obradoiros didácticos cos que queremos celebrar os 15 anos de rehabilitación do Café Moderno.

*Arquitecturas emocionais.* Infantil a 2º de primaria  
*Construíndo soños con Álvaro Siza.* 4º de primaria a 2º de ESO  
*Historia dunha rehabilitación.* 2º de ESO, bacharelato e CF

Podes consultar toda a información actualizada sobre a mostra temporal *O bodegón oculto, a natureza morta na arte contemporánea galega* na páxina [afundacion.org](http://afundacion.org) ou no propio centro a partir de outubro.

## Alicerces. Evolución urbana de Ourense do século XVI ao XX

Ourense

Novembro a febreiro  
Sala de exposicións Afundación  
Praza Maior, 4  
988 391 746

A exposición organizada polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense pretende amosar o proceso de desenvolvemento urbanístico da cidade, así coma as causas que propician a morfoloxía do Ourense actual a través de diferentes pezas conservadas tanto no propio museo coma noutras institucións prestadoras.

Consulta a información actualizada sobre a actividade educativa desta mostra en [afundacion.org](http://afundacion.org).

Outras propostas  
Fomento da lectura  
Ciencia e medio ambiente



## Biblioteca Infantil Afundación

Santiago de Compostela

Frei Rosendo Salvado, 14-16  
biblio.santiago@afundacion.org  
981 593 467

Especializada en literatura infantil e xuvenil, o centro conta con máis de 20.000 libros e 700 DVDs. Un espazo único para compartir, soñar, aprender, divertirse, crear e participar en actividades de animación á lectura da man dos mellores profesionais de cada ámbito.

Visitas escolares programadas durante todo o ano, de outubro a maio, orientadas a diferentes grupos de idade:

*Descubre a maxia da Biblioteca. 3 a 8 anos*

*Bibliotékate. Formación de usuarios. A partir de 9 anos*

Todos os martes e xoves a partir das 10.00 h.

Grupos reducidos.

Máis información no teléfono 981 593 467

Lembra que tamén temos outras bibliotecas para todos os públicos:

Biblioteca Teatro Afundación  
Policarpo Sanz, 13  
Vigo  
biblio.centrocultural@afundacion.org  
886116933

Biblioteca Afundación Travesas Vigo  
Praza América 3, Entreplanta  
bibliotecatravesas@afundacion.org  
986 231 518

Biblioteca Afundación Calvario Vigo  
R/ Portela, 6  
biblio.calvario@afundacion.org  
986 252 435

## Naturnova

Centro interactivo de educación ambiental  
Vigo

Velázquez Moreno, 18.  
naturnova@afundacion.org  
986 120 088/89

En Naturnova descubrimos o importante que é coidar e conservar a nosa contorna a través de tres salas de temática ambiental: *O Universo*, *O noso planeta* e *O ser humano e o seu medio*. Viaxar ao fondo da ría, ver o sistema solar en movemento, escoitar unha tronada, sobrevoar Galicia, tocar unha nube ou mover un tren grazas á enerxía solar son algunhas das cousas das que se pode gozar no centro.

DE SETEMBRO A DECEMBRO

***A lúa e os planetas*** (1º a 4º de primaria)

Como é a lúa? Por que ten diferentes formas? Como son os planetas? Veremos saír a lúa e seguirémola nas súas fases e eclipses.

***Investigadores espaciais*** (5º e 6º de primaria)

Un estraño suceso aconteceu no sistema solar e teremos que nos converter en auténticos detectives espaciais para o investigar. Os planetas, os asteroides, as distancias espaciais... Cantas cousas aprenderemos mentres indagamos no misterio.

DE SETEMBRO A XUÑO

***Visita interactiva*** (Primaria, ESO, bacharelato e CF)

Visita xeral para descubrir de forma interactiva todas as salas de Naturnova e subir ao noso submarino.

***O baile das abellas*** (1º a 4º de primaria)

Queres bailar o baile das abellas? Coñéceo todo sobre elas: profesión, comunicación, traballo en equipo...

***Perigo: especies exóticas invasoras*** (5º de primaria a bacharelato)

Propagan enfermidades novas, contaminan, afectan aos cultivos, provocan perdas económicas e de biodiversidade. Somos cómplices inconscientes? Que podemos facer?

Máis información: [www.naturnova.afundacion.org](http://www.naturnova.afundacion.org)

## NORMAS XERAIS

Poderanse combinar actividades de calquera das disciplinas.

Prezo: 1 € por participante e actividade (agás o Cinema Submarino, gratuíto)

O pagamento farase por ingreso na conta: 2080 5000 61 3040323643 ES 91

Cómpre indicar o código de ingreso ao efectuar o pagamento da actividade.

### ARTES ESCÉNICAS

O prazo de solicitude de reservas remata o 2 de outubro de 2015.

Poderán solicitar a participación enchendo o formulario de peticións na web.

Cada centro poderá solicitar un máximo de 150 escolares por actividade (agás Coruña e Ferrol con 100 escolares por actividade).

O pagamento deberase efectuar, cando menos, unha semana antes da actividade.

Comunicaremos por correo electrónico aquelas actividades ás que poderán

asistir, que serán aceptadas e confirmadas polo centro na web.

As guías didácticas estarán dispoñibles na web.

Consultas no 986 120 089 ou no 986 120 078

[escolares.afundacion.org](http://escolares.afundacion.org)

### EXPOSICIÓNS TEMPORAIS EN TODAS AS CIDADES DE GALICIA

Todas as novidades en [afundacion.org](http://afundacion.org) ou no teléfono de cada sede

### CENTRO INTERACTIVO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL NATURNOVA

Información en [naternova.afundacion.org](http://naternova.afundacion.org)

Reservas durante todo o curso escolar en: [escolares.afundacion.org](http://escolares.afundacion.org),

[naternova@afundacion.org](mailto:naternova@afundacion.org) ou 986 120 088

### BIBLIOTECA INFANTIL AFUNDACIÓN

Reservas durante todo o curso escolar en

[biblio.santiago@afundacion.org](mailto:biblio.santiago@afundacion.org) ou no 981 593 467

### A CORUÑA

Sede Afundación. Cantón Grande, 8  
981 185 060

### FERROL

Sede Afundación. Praza da Constitución, s/n  
981 330 280

### LUGO

Sede Afundación. Praza de Santa María, s/n  
982 289 096

### OURENSE

Sala de exposicións Afundación. Praza Maior, 4  
988 391 746

### PONTEVEDRA

Sede Afundación. Augusto González Besada, 2  
Café Moderno Afundación. Praza de San Xosé, 3  
986 333 210

### SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sede Afundación. Rúa do Vilar, 19  
981 552 577

Biblioteca Infantil. Frei Rosendo Salvado  
981 593 467

### VIGO

Teatro Afundación. Policarpo Sanz, 13  
986 120 089

Sede Afundación. Policarpo Sanz, 26  
986 129 032

Naternova. Velázquez Moreno, 18  
986 120 088